



CONCELLERÍA DE CULTURA

CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Rúa Rosalía de Castro, 28, 1º. 15320 · Telf. 981440344 · cultura@aspontes.org · NIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: Cultura

NORMAS PARA A PARTICIPACIÓN CABALGATA DE REIS 2025. AS PONTES

1. OBXECTO

Existen dúas modalidades de participación:

- Paxes que irán nas carrozas.
- Paxes que formarán o séquito “a pé”.

2. PAXES QUE IRÁN EN CARROZAS

Pódense inscribir todos os nenos e nenas que estean matriculados nalgún curso de educación primaria dos centros escolares das Pontes, de 1º a 6º (ambos incluídos).

O total de prazas ofertadas nesta modalidade é de **42**, para as seis carrozas. Terán preferencia as nena/os de menor idade.

3. PAXES QUE FORMARÁN O SÉQUITO A PÉ

Pódense inscribir todas as nena/o que estean matriculados nalgún curso de primaria, de 1º a 6º (ambos incluídos).

O total de prazas ofertadas nesta modalidade é de **70**; formarán parte do séquito de paxes reais e irán coas tres carrozas das SSMM os Reis Magos.

4. INSCRICIÓN*

4.1. As persoas interesadas en participar deberán inscribirse a través da **sede electrónica** do Concello ou no **Rexistro Xeral** do Concello nos seguintes prazos:

- Sede electrónica: dende o luns **2 ata o 11** de decembro.
- Rexistro xeral: os días **2, 3, 4 e 5** de decembro no horario de 9.30 a 13.30 h.

4.2. Cada persoa poderá inscribir unicamente aos neno/as que pertencen a súa unidade familiar.

4.3. Solicitude: no impreso de solicitude xeral deberá incluír os seguintes datos:

- Nome e apelidos da nai, pai ou representante legal da/o menor e DNI.
- Teléfonos de contacto e correo electrónico.
- Enderezo postal completo
- Nome, apelidos e data de nacemento (idade) da persoa participante.
- Curso e centro escolar no que está matriculada/o.
- Autorización da participación da/o menor na Cabalgata e aceptación nas normas

5. ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

5.1.- A asignación* das prazas farase entre as 112 primeiras solicitudes recibidas por por rigoroso orde de inscrición, e as prazas nas carrozas asignaranse en función da idade. Primeiro terán preferencia as nena/os de menor idade. A todos se lles asignará un número.

A distribución nas carrozas será a seguinte:

- Do 01 ao 05: Carroza de **Melchor**
- Do 06 ao 07: Carroza de **Gaspar**
- Do 08 ao 12: Carroza de **Baltasar**



CONCELLERÍA DE CULTURA

CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Rúa Rosalía de Castro, 28, 1º. 15320 · Telf. 981440344 · cultura@aspontes.org · NIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: Cultura

- Do 13 ao 22 Carroza que acompaña a **Melchor (M-1)**
- Do 23 ao 32: Carroza que acompaña a **Gaspar (G-1)**
- Do 33 ao 42: Carroza que acompaña a **Baltasar (B-1)**

O resto da/os inscrita/os formarán parte do séquito a pé.

* A asignación das prazas é provisional, xa que si se producen baixas das persoas participantes poden producirse movementos na distribución das carrozas e do séquito a pé.

5.2. Unha vez finalizada a adxudicación, comunicaráselles ás persoas interesadas (mediante un correo electrónico ou dende o teléfono **+34 673 05 27 05****) a súa situación na cabalgata, así como a información necesaria para participaren nela: lugar e horario de presentación do día 5 de xaneiro e horario e forma de recollida da/os menores no Concello, unha vez finalizados a Cabalgata e o Saúdo Real. Esta folla de información subirase, así mesmo, á páxina web d Concello <https://aspontes.org/>

5.3. Se algunha nena/o admitida/os nas carrozas, por razóns persoais u doutra índole, non puidera participar na Cabalgata, debera comunicalo nas oficinas do Dpto. de cultura (Rúa Rosalía de Castro, Casa Dopeso, 1º andar), no teléfono 981 44 03 44, ou no correo electrónico cultura@aspontes.org, con anterioridade ao venres 3 de xaneiro de 2024.

A baixa será substituída inescusablemente pola nena/o que, por rigorosa orde de inscrición, conforme a primeira praza dos paxes do séquito a pé, e así sucesivamente, por orde correlativa.

6. PARTICIPANTES

6.1. A/os participantes comprométese a presentarse o 5 de xaneiro no lugar e hora marcados como punto de encontro, vestidos co traxe facilitado polo departamento de cultura e con mallas ou *leggings*, camiseta térmica ou xersei de manga longa, e calzado (zapatillas deportivas/botas), todo de cor negra.

6.2. O vestiario entregárase no salón de actos da Casa Dopeso o xoves 19 de xaneiro de 12:00 a 14:30h.

NORMAS DE OBRIGADO CUMPRIMENTO

1. As/os paxes que van nas carrozas deberán presentarse acompañados polo pai, nai ou titor/a, o día 5 de xaneiro, ás 17.30 h, na Rúa Monte Caxado (en fronte do colexio A Magdalena), onde quedarán a cargo do servizo de monitores da Cabalgata de Reis 2025.

2. As/os paxes do séquito a pé deberán presentarse, acompañados polo pai, nai ou titor/a, o día 5 de xaneiro, ás 17.30 h, na Rúa Monte Caxado (en fronte dos colexios Monte Caxado e Magdalena), onde quedarán a cargo servizo de monitores da Cabalgata de Reis 2025.

3. Durante o percorrido, as/os paxes lanzarán caramelos e *confetti*.

A duración do percorrido da Cabalgata de Reis 2025 será aproximadamente de 45 min; está prevista a chegada ao Concello ás 18:45 h; na parte de atrás do Concello é o lugar onde a/os nenos participantes serán recollidos polos titores.

O Concello das Pontes poderá modificar a organización e desenvolvemento da cabalgata se as condicións meteorolóxicas son desfavorables, podendo modificar o recorrido da cabalgata e o lugar de recepción dos



CONCELLERÍA DE CULTURA
CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Rúa Rosalía de Castro, 28, 1º. 15320 · Telf. 981440344 · cultura@aspontes.org · NIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: Cultura

Reis Magos. Nas decisións que se tomen sempre primara a garantía da seguridade da/os menores participantes nas carrozas e o séquito a pé.

Acepto as normas sinaladas pola organización para participar na Cabalgata de Reis 2025.
Para que así conste.

A persoa solicitante

(sinatura)

As Pontes ____ de decembro de 2025

****Crearase unha lista de difusión para realizar todos avisos por medio de WhatsApp; para poder recibir os avisos deberá ter gardado o seguinte número de teléfono: +34 673 05 27 05****